

EXPEDIENTE:	2022/00018508R
PROCEDEMENTO:	Informes (oficio)

ASUNTO: AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E LÍMITE DA DÉBEDA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2021.

Liquidado o Orzamento Xeral correspondente o ano 2021 e calculadas as magnitudes resultantes da citada liquidación nos termos sinalados pola lexislación das facendas locais e a normativa contable de aplicación, debe examinarse igualmente si a execución do orzamento se ten levado a cabo con arranxo o preceptuado na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, LOEPYSF-, e iso en canto que de conformidade co seu artigo 3.1: *“la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos e ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de esta ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria coherente con la normativa europea”*.

A tales efectos, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades locais, así como do disposto na citada Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e tamén no artigo 16.4) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, procedese a emitir informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade con motivo da liquidación do Orzamento do exercicio 2021 dista Administración municipal.

I.- NORMATIVA A TOMAR EN CONSIDERACIÓN:

- Artigo 135 da Constitución Española de 1.978
- Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, - LOEPYSF -.
- Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais – RLEP -.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – TRLRHL-.
- Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado as Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Manual do SEC 95 sobre Déficit Público e Débeda Pública publicado por EUROSTAT.
- Regulamento número 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio (DOCE 26-06-2013), que se aproba o SEC 2010.
- Regulamento (CE) Nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.
- Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.
- Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro do 2020 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto é endebedamento para o período 2020 é 2021 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.
- Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro do 2020 sobre a ratificación das regras fiscais para os anos 2020-2021.
- Acordo de 27 de xullo do 2021 do Consello de Ministros de mantemento da suspensión das regras fiscais para o ano 2022.
- Acordo do Congreso dos Deputados de 13 de setembro do 2021 de suspensión das regras fiscais para o exercicio económico do 2022.
- Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das Entidades do Sector Público Local.
- Bases de execución do orzamento.

2.- CARÁCTER DO INFORME.

No ámbito do sector público local, o artigo 16 apartado 1 *in fine* e apartado 2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as Entidades locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, establece que, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da Entidade local e os seus entes dependentes, tanto a nivel individual como a nivel consolidado.

Polo tanto trátase dun informe preceptivo e que ten carácter independente, debéndose incorporar aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRHL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificación e á súa liquidación.

No presente caso vai referido a liquidación do orzamento do organismo do ano 2020.

Indica a normativa de estabilidade que o interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Actualmente este vén recollido no Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio do 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC2010).

O SEC2010 (anteriormente SEC95) é un sistema de contabilidade nacional de contido exclusivamente económico, e por iso, van ter que axustar as magnitudes orzamentarias (de contido económico, pero tamén xurídico) coa finalidade de aproximarse ao concepto de estabilidade orzamentaria que dimana do citado regulamento comunitario, axustes que se detallarán mais adiante.

3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN SUBXECTIVO.

De conformidade co establecido no artigo 2.1 da LOEPYSF, o subsector Corporacións locais inclúe o conxunto de entidades formado pola entidade principal ou entidade matriz e os seus entes dependentes sectorizados como Administracións Públicas, é dicir, que a maior parte dos seus recursos financeiros non sexan procedentes do mercado.

É dicir, a efectos da LOEPYSF forman o perímetro de consolidación, a entidade local e os seus entes dependentes no xeradores de ingreso de mercado.

A estes efectos enténdese por entes dependentes non xeradores de ingresos de mercado, aqueles que desenvolven unha actividade mercantil, ofrecen un ben ou un servizo, pero cuxos ingresos non son quen de cubrir o 50% dos costes de produción.

En calquera caso el artigo 1 do Regulamento de estabilidade orzamentaria (RD 1463/2017) atribúe ao Ministerio de Facenda a competencia para formar o inventario de entes do Sector Público Local, e por conseguinte corresponde ao dito Ministerio a competencia para formar o inventario de entes do Concello de Santiago de Compostela.

Consultada esta información no inventario de entidades da Oficina Virtual de Entidades Locais (OVEELL) a relación de entes dependentes de esta Administración municipal que forman parte do seu marco perimetral a efectos da LOEPYSF a 31 de decembro do 2021, son os seguintes:

1.- Entidades sometidas a orzamento limitativo e as que se lles aplica o Plan Xeral de Contabilidade Pública, incluídas no perímetro de consolidación do Concello de Santiago de Compostela:

- Concello de Santiago de Compostela, entidade matriz
- Organismo autónomo de carácter administrativo: Auditorio de Galicia.

2.- Sociedade mercantil de capital íntegro municipal INCOLSA, que foi cualificada pola Intervención Xeral da Administración do Estado como ente de non mercado, o que implica a súa consideración como Administración Pública a efectos do Sistema Europeo de Contas, razón pola que a súa capacidade de financiamento, regra de gasto e endebedamento mídese en termos consolidados coas entidades con orzamento limitativo citadas anteriormente.

3.- Fundación Refuxio de Animais.

4.- Fundación Eugenio Granell.

A Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (TUSSA) e a sociedade Mercados Centrais de Abastos de Santiago S.A., (MERCAGALICIA) de capital íntegro municipal e de carácter mixto, respectivamente, foron sectorizadas pola IGAE como entidades de mercado, polo que non consolidan a efectos de estabilidade orzamentaria.

En definitiva, resulta necesario avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda, para cada unha das entidades citadas como integrantes do perímetro e para o conxunto adecuadamente consolidado.

4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

O artigo 165 do TRLRHL establece que o Orzamento Xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do obxectivo de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Neste senso o artigo 11.1 deste último texto legal ten vido a establecer que *“la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afectan a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria”*, significa iso que todas as Administracións Públicas deben presentar equilibrio ou superávit, sen que poidan incurrir en déficit estrutural.

Con todo iso, o Estado e as Comunidades Autónomas poden presentar déficit estrutural en situacións excepcionais taxadas na lei, pero non así as Entidades do sector local que como xa estableceu no seu momento a Constitución – ex artigo 135 – non poden presentar déficit en ningún caso.

En definitiva, a estabilidade orzamentaria vén definida na LOEPYSF para o caso das Entidades do sector público local en idénticos termos que para a Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Seguridade Social, isto é, a estabilidade orzamentaria entendida como a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións Públicas.

Deste xeito as Entidades Locais, os organismos autónomos e resto de entes dependentes de aquelas, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais, suxeitaranse ao principio de estabilidade orzamentaria nos termos sinalados.

5.- SUSPENSIÓN DAS REGRAS FISCAIS.

A Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira – LOEPYSF – ten establecido entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas e por iso a aprobación e liquidación dos orzamentos das Entidades locais debe realizarse baixo o cumprimento das tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a débeda pública.

Pero como é sabido o Congreso dos Deputados na súa sesión do 20 de outubro do 2020 apreciou por maioría absoluta dos seus membros que se produciu unha situación de emerxencia extraordinaria que motivaba a suspensión das regras fiscais, requisito este que esixe o artigo 11.3 da LOEPYSF e tamén o apartado 4 do artigo 135 da vixente Constitución española de 1978.

En base ao antedito acordo quedaron suspendidos o Acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro do 2020 polo que se adecúan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o ano 2020 para os efectos da súa remisión ás Cortes Xerais, así como o Acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro do 2020 polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de

cada un dos seus subsectores para o período 2021-2023 para a súa remisión ás Cortes Xerais e o límite do gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2021.

Por conseguinte, a partir da data do referido acordo, isto é, 20 de outubro do 2020, os obxectivos de débeda pública e a regra de gasto aprobados polo Goberno o 11 de febreiro deviñeron inaplicables, sen que para iso fose necesario a aprobación de ningunha norma con posterioridade a aquela data nin a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Con todo, é importante ter en conta que a suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021 non implica a suspensión da aplicación da LOEPYSF, do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nin do resto da normativa facendística, pois continua en vigor e por tal razón continúa vixente a obrigaçión de que a intervención informe sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 e da sustentabilidade financeira en termos de débeda financeira con carácter independente, con ocasión da aprobación do orzamento.

E iso debe entenderse así, porque continua vixente o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, o cal no seu artigo 16. – *Avaliación do obxectivo de estabilidade* – apunta no apartado segundo, que nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Como xa indicamos anteriormente este informe emitírase con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRHL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por tanto, con ocasión da liquidación do Orzamento débese emitir un informe independente no cal se detallen os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos en termos SEC.

E en relación a os efectos que produciría a aprobación do orzamento con incumprimento da estabilidade orzamentaria, non será necesario a aprobación dun Plan Económico Financeiro (PEF). É dicir, no caso de que do informe de avaliación do obxectivo de estabilidade dedúzase incumprimento, dado o acordo de suspensión das regras fiscais, non resultan aplicables as medidas correctivas nin coercitivas da LOEPYSF e, por iso, non haberá de adoptarse ningún acordo de non dispoñibilidade de crédito, nin aprobar ningún PEF.

Por último, debe sinalarse que para o ano 2022 prorrogouse a suspensión das regras fiscais, de estabilidade, de débeda pública e a regra de gasto, ao declarar o Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro do 2021 que persistían as condicións de excepcionalidade que xustifican o manter suspendidas as regras fiscais en 2022.

6.- VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. AXUSTES.

A aplicación do principio de estabilidade, definida para as corporacións locais como situación de equilibrio ou superávit computada “*en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais*”, arrastra consecuencias importantes para toda a xestión financeira tanto do conxunto do sector Administracións Públicas como particularmente dos entes locais, e así en efecto da definición dedúcese que o obxectivo perseguido é que os investimentos e os gastos correntes sexan atendidos con ingresos non financeiros, por tanto, os recursos procedentes do endebedamento haberán de financiar por regra xeral adquisicións de activos financeiros ou amortización de pasivos financeiros.

Con carácter xeral enténdese por estabilidade orzamentaria a situación de existencia dun equilibrio nas diferentes fases do ciclo orzamentario (orzo, execución, liquidación), de tal forma que, se os ingresos non financeiros superan aos gastos non financeiros, teríamos capacidade de financiamento e se o caso fora a inversa, isto é, os gastos non financeiros fosen superiores aos ingresos da mesma natureza estaríamos ante unha situación de necesidade de financiamento, polo que existiría inestabilidade.

É dicir, para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, isto é, para o cálculo da variable capacidade de financiación, pártese, a nivel consolidado, do salvo orzamentario non financeiro, que ven dado pola diferenza entre os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) e gastos non financeiros (capítulos 1 a 7), unha vez realizados os axustes derivados da aplicación dos criterios SEC-10, obténdose así o superávit ou déficit en termos de Contabilidade Nacional.

Así en efecto, a estabilidade orzamentaria delimitase en termos de Contabilidade Nacional, é esta aplica os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010) diferentes dos que se empregan no ámbito da contabilidade orzamentaria, o que determina a necesidade de establecer unha equivalencia entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional.

E para iso, para conseguir esta harmonización ou equivalencia, para, en definitiva, adecuar a información orzamentaria os criterios establecidos polo SEC-10 faise necesario efectuar unha serie de axustes sobre aquela diferenza entre os ingresos non financeiros e gastos non financeiros que determina a capacidade ou necesidade de financiación.

Para levar a cabo estes axustes se ten editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “*Manual de cálculo del déficit en contabilidad nacional adaptado a las Corporaciones locales*” e a “*Nota sobre los cambios metodológicos de aplicación del nuevo SEC-2010 que afectan a las Cuentas de las Administraciones Públicas*”.

De seguido e seguindo o establecido no referido Manual da IGAE, procedemos a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade con motivo da liquidación do exercicio económico do 2021 para cada unha das entidades que conforman o perímetro de consolidación a efectos de estabilidade para finalmente efectuar a avaliación a nivel agregado.

Avaliación do obxectivo de estabilidade na Entidade Matriz.

A liquidación do Orzamento do organismo correspondente ao exercicio económico do 2021 presenta o seguinte resumo por capítulos, tanto no seu estado de ingresos como de gastos, sendo os dereitos recoñecidos netos é as obrigacións recoñecidas netas as que se indican de seguido:

CAPITULO	INGRESOS DENOMINACIÓN	DRN
	1 Impostos directos	48.163.632,08
	2 Impostos indirectos	4.067.010,08
	3 Taxas e outros ingresos	18.148.570,72
	4 Transferencias correntes	35.609.944,66
	5 Ingresos patrimoniais	302.414,27
A	TOTAL INGRESOS CORRENTES	106.291.571,81
	6 Alleamento de investimentos reais	0,00
	7 Transferencias de capital	4.456.374,61
B	TOTAL INGRESOS OP CAPITAL NON FINANCIEIRAS	4.456.374,61
I = A + B	TOTAL INGRESOS POR OPERACIONES NON FINANCIEIRAS	110.747.946,42

CAPITULO	GASTOS DENOMINACIÓN	ORN
	1 Gastos de persoal	32.772.947,32
	2 Compra de bens correntes e de servizos	36.247.191,75
	3 Gastos financeiros	226.352,45
	4 Transferencias correntes	18.486.405,25
C	TOTAL GASTOS CORRENTES	87.732.896,77
	6 Investimentos reais	8.935.731,03
	7 Transferencias de capital	962.038,69
D	TOTAL GASTOS OP CAPITAL OP NON FINANCIEIRAS	9.897.769,72
II = C Ç D	TOTAL GASTOS OPERACIÓN S NON FINANCIEIRAS	97.630.666,49
I - II	RESULTADO DAS OPERACIÓN S NON FINANCIEIRAS	13.117.279,93

Sobre a información anterior, - seguindo o Manual do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais publicado pola IGAE, consideramos unicamente como principais axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional os seguintes:

1.- Rexistro en Contabilidade Nacional de Impostos, Taxas e outros ingresos.

En contabilidade nacional os ingresos fiscais (capítulos de impostos directos, impostos indirectos, taxas e outros ingresos), tanto do exercicio corrente como de exercicios pechados, se imputan segundo un principio de caixa, isto é, en termos de recadación.

Con todo, en contabilidade orzamentaria, estes ingresos compútanse no intre en que se recoñece o dereito, que pode ser previo ou simultáneo ao cobro, isto é, aplicase o principio do devindicación.

O axuste a efectuar vira determinado pola diferenca entre os dereitos recoñecidos pola entidade e a recadación total en caixa correspondente a ditos ingresos, tanto de orzamento corrente como de pechados.

Si como resultado do axuste o importe dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 3 do estado de ingresos do orzamento son inferiores ao importe da recadación, tanto de corrente como de pechados, polos mesmos capítulos, se poñerá de manifesto unha maior capacidade de financiación, isto é, un maior ingreso financeiro que determinará un axuste de carácter positivo.

Pola contra na situación inversa, isto é, cando os dereitos recoñecidos sexan superiores o importe da recadación polos referidos capítulos, elo reflectira unha menor capacidade de financiación, isto é, un menor ingreso, polo que procederá un axuste negativo por maior déficit.

Exclúese deste axuste as diferencias que neste concepto se producen nos tributos cedidos, debido ao tratamento que teñen en contabilidade nacional que, ao ser o mesmo que o adoptado na contabilidade orzamentaria, fai que non sexa preciso este axuste.

Por conseguinte e de acordo co anterior teríamos:

CAPITULO	DRN	RECAUDACIÓN	RECAUDACION	TOTAL	%RECAUD/	% AXUSTE	AXUSTE	AXUSTE
		CORRENTE	PECHADOS	RECAUDACIÓN	DRN		MAIOR	MINOR
							DÉFICIT	DÉFICIT
1	45.257.973,63	42.376.268,31	1.692.129,59	44.068.397,90	97,37	2,63	1.189.575,73	
2	1.867.362,63	1.594.779,59	89.897,86	1.684.677,45	90,22	9,78	182.685,18	
3	18.148.570,72	15.645.610,24	2.643.959,36	18.289.569,60	100,78	0,78		141.558,85
TOTAL							1.372.260,91	141.558,85

Isto é, procederá un axuste negativo por importe de 1.372.260,91 euros é un axuste positivo por importe de 141.558,85 euros correspondente o menor déficit no capítulo 3.

Axuste 2.- Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos é do Fondo Complementario de Financiamento.

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e o Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfagan polo Estado a favor da Corporación local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a contía e páganse polo Estado.

En contabilidade orzamentaria, as Entidades locais imputan no intre en que teñan coñecemento do seu importe, os ingresos procedentes de impostos cedidos, os Capítulos I é II (Impostos Directos e Impostos Indirectos), e o Capitulo IV (Transferencias correntes), os ingresos procedentes da participación nos tributos do Estado e do Fondo Complementario de Financiación.

Así o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I, II e IV é inferior a cantidade satisfeita polo Estado, elo determinará unha maior capacidade de financiación e polo tanto un maior ingreso non financeiro, e polo tanto un axuste positivo.

Pola contra si o importe dos dereitos recoñecidos polos citados capítulos supera a cantidade satisfeita polo Estado, elo determinará unha menor capacidade de financiación e polo tanto un menor ingreso financeiro é polo tanto un axuste de sino negativo.

Polo tanto outro apuntamento que debe realizarse constitúeo o importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios anteriores polo concepto de participación nos tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2021 (+)	63.291,24
Devolución liquidación PIE 2009 en 2021 (+)	261.638,16
	324.929,40

Por conseguinte, procederá un axuste positivo (menor déficit) por importe de 324.929,40 euros.

Axuste 3.- Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea.

Cando o beneficiario da subvención resulta ser a propia Entidade local non se produce unha situación de simultaneidade entre a execución do gasto pola Corporación coa remisión da documentación xustificativa do mesmo. Elo ten motivado fixar o intre de recoñecemento dos fondos na contabilidade nacional coa de remisión pola entidade da documentación do gasto realizado.

Con independencia do criterio orzamentario de contabilización aplicado pola entidade local para o rexistro de transferencias comunitarias, o axuste a realizar para o cálculo do déficit en contabilidade nacional virá determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos polos fondos europeos na liquidación orzamentaria e o importe resultante de aplicar a porcentaxe de cofinanciamento que corresponda ao gasto certificado e remitido.

Para a realización deste axuste solicitáronse respecto dos ingresos producidos no exercicio, as certificacións que os orixinaron e a data da súa remisión á autoridade de xestión. Examinada dita documentación e o estado de execución dos proxectos de gasto correspondente resulta un axuste NEGATIVO por esta causa por importe de 167.218,78 euros, segundo o seguinte detalle:

PROXECTO	DRN	GASTO CERTIFIC	COEFIC. FINANCIAC	INGRESO A PERCIBIR	AXUSTE
EDUSI	2.660.023,57	1.922.990,13	0,8	1.538.392,10	-1.121.631,47
TRAFAIR	0,00	72.760,00	75	54.570,00	54.570,00
ATLANTIC SOCIAL LAB	9.139,37	0,00	75	0,00	-9.139,37
TROPA VERDE	99.300,19	141.857,41	70	99.300,19	0,00
SMARTER TOGETHER	0,00	30.386,54	100	30.386,54	30.386,54
SMARTIAGO	0,00	1.098.244,40	80	878.595,52	878.595,52
TOTAL	2.768.463,13	3.266.238,48		2.601.244,35	-167.218,78

Axuste 5.- Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación local.

En contabilidade nacional, o rexistro de obrigas réxese polo principio do devindicación, o que implica o computo de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento en que teña lugar a súa imputación orzamentaria.

A conta 413 “Acredores por operacións devindicadas”, recolle as operacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se ten producido a súa aplicación ao orzamento.

Segundo o principio do devindicación, as obrigas rexistradas na conta 413, tamén deberían terse computado no orzamento, e por esa razón resulta necesario practicar este axuste.

Si o saldo da conta 413 e menor que o saldo inicial procede realizar un axuste positivo, e viceversa si o saldo final da conta 413 e superior o saldo final o axuste será negativo.

Saldo da conta 413 a 1 de xaneiro do 2021	737.128,98
Saldo da conta 413 a 31 de decembro do 2021	8.256.814,84
Variación neta	-7.519.685,86

Procederá polo tanto un axuste de sino negativo de maior déficit por importe de 7.519.685,86 euros

Axuste 6.- Axuste por ingresos indebidos pendentes de aplicar ao orzamento.

As devolucións de ingresos indebidos imputaranse ao orzamento no intre en que se fan efectivas e non cando se acorda a devolución. Por tal razón procede efectuar un axuste pola variación neta do saldo da conta 418 “Acredores por devolución de ingresos”.

Saldo da conta 418 a 1 de xaneiro do 2021	953.188,77
Saldo da conta 418 a 31 de decembro do 2021	1.670.142,54
Variación neta	-716.953,77

De onde se deduce a necesidade de efectuar un axuste de sino negativo, isto é, maior déficit por importe de 716.953,77 euros

Axuste 7.- Pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento.

Tratase de pagos contabilizados extraorzamentariamente correspondentes a gastos devindicados no exercicio en que se produce o pago en pendentes de aplicación ao orzamento. O axuste virá determinado pola variación neta do saldo da conta 555 a través da súa divisoria, entre o inicio e o final do exercicio económico.

Saldo de la conta 555 a 1 de xaneiro do 2021	9.674,53
Saldo da conta 555 a 31 de decembro do 2021	2.043,99
	7.630,54

Por conseguinte un axuste de sino positivo de menor déficit por 7.630,54 euros.

En definitiva, no cadro que se insire de seguido recóllense os cálculos cos axustes correspondentes aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con ocasión da liquidación do exercicio 2021:

DRN por operacións non financeiras	110.747.946,42
ORN por operacións non financeiras	97.630.666,49
I.- Saldo Orzamentario non financeiro	13.117.279,93
Axustes por recadación Capitulo 1	-1.189.575,73
Axustes por recadación Capitulo 2	-182.685,18
Axustes por recadación Capítulo 3	141.558,85
Axuste por impostos cedidos e FCF	324.929,40
Axustes por ingresos obtidos da UE	-167.218,78
Gastos realizados pdtes. aplicar ao Orzamento	-7.519.685,86
Axuste por devolución ingresos pdtes. de aplicar	-716.953,77
Axustes por pagos pendentes aplicar ao Orzamento	7.630,54
II.- Total Axustes	-9.302.000,53
III.- Total Capacidade de financiación	3.815.279,40

Con todo os resultados que depara a liquidación dos orzamentos do ano 2021 e todo o anteriormente exposto, considerase convinte volver a efectuar os cálculos de necesidade de financiamento tendo en conta unha serie de axustes que, aínda que non se atopan expresamente contemplados na normativa de aplicación nin no manual para estes efectos editado pola IGAE, permiten corrixir os resultados obtidos descontando a incidencia da inexecución de gastos con financiamento afectado e da posterior (o obrigada) incorporación de remanentes e, en última instancia, determinar si os ingresos dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, se o orzamento liquidouse, en definitiva, en termos favorables conforme as esixencias da estabilidade orzamentaria.

Poden así practicarse unha serie de axustes técnicos para eliminar a incidencia que tivo a incorporación de remanentes de exercicios anteriores e a execución dos mesmos, así como os proxectos de gasto respecto dos cales se recoñeceu dereito que financiaba os mesmos sen que se iniciase a execución efectiva dos gastos. Trátase, en última instancia e visto o anterior, de computar sobre os resultados antes calculados as desviacións de financiamento do exercicio.

Conforme aos cálculos das desviacións de financiamento que acompañan ao informe desta Intervención á liquidación do exercicio 2021 habería que corrixir a capacidade de financiamento arriba indicado tal e como segue:

Dereitos liquidados Capítulos 1 a 7	110.747.976,42
Obrigas recoñecidas Capítulos 1 a 7	97.630.666,49
Resultado previo axustes	13.117.309,93
Axustes maior déficit	9.776.119,32
Axustes menor déficit	474.118,79
Capacidade de financiación	3.815.309,40
Axuste DF positivas exercicio (1)	8.294.857,00
Axuste DF negativas exercicio (2)	6.389.272,05
Capacidade de financiación axustada	1.909.724,45

(1) *Desviacións de financiamento positivas do exercicio 2021 correspondentes a proxectos de gasto do citado ano en relación cos cales se recoñeceu o dereito do recurso que financiaba o gasto, mentres que a execución deste no se iniciou ou culminou.*

(2) *Desviacións de financiamento negativas do exercicio 2021 correspondentes a remanentes de créditos de proxectos de anos anteriores incorporados ao exercicio e cuxos ingresos que os financiaban foron recoñecidos nos anos de referencia (e non no ano 2021)*

Visto todo o anteriormente exposto, cun novo cálculo de capacidade/necesidade de financiamento no ano 2021, comprobouse como os orzamentos do pasado exercicio liquidáronse poñendo de manifesto unha capacidade de financiación ou superávit en termos de estabilidade (eliminándose a incidencia derivada da incorporación e execución de remanentes de exercicios anteriores así como a inexecución no exercicio de proxectos respecto dos cales se recoñeceron dereitos que os financiaban).

Por conseguinte a vista dos datos expostos anteriormente se pon de manifesto que a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico do 2021 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida en SEC10, arroxando unha capacidade de financiación ou superávit de estabilidade en termos de SEC-10 de 3.815.279,40 euros.

Con todo para os entes que forman parte do mesmo bloque de administración ou, por utilizar a mesma expresión do agora derogado Texto Refundido da Lei de Estabilidade Orzamentaria, - RD Legislativo 2/2007 de 28 de decembro -, do mesmo grupo de axentes, o obxectivo de estabilidade orzamentaria e “conxunto”, é dicir, debe calcularse e delimitarse en termos de consolidación.

Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.

A liquidación do Orzamento do organismo correspondente ao exercicio económico do 2021 presenta o seguinte resumo por capítulos, tanto no seu estado de ingresos como de gastos, sendo os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas as que se indican a continuación:

CAPITULO	INGRESOS - DENOMINACIÓN	DRN
	3 Taxas e outros ingresos	504.172,57
	4 Transferencias correntes	2.412.695,37
	5 Ingresos patrimoniais	4.545,45
A	TOTAL INGRESOS CORRENTES	2.921.413,39
	6 Alleamento de investimentos reais	0,00
	7 Transferencias de capital	0,00
B	TOTAL INGRESOS OP CAPITAL NON FINANCEIRAS	0,00
I = A + B	TOTAL INGRESOS POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.921.413,39

CAPITULO	GASTOS- DENOMINACIÓN	ORN
	1 Gastos de persoal	905.331,62
	2 Compra de bens correntes e servizos	1.761.843,79
	3 Gastos financeiros	0,00
	4 Transferencias correntes	23.000,00
C	TOTAL GASTOS CORRENTES	2.690.175,41
	6 Investimentos reais	18.624,32
	7 Transferencias de capital	0,00
D	TOTAL GASTOS OP.DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	18.624,32
II = C + D	TOTAL GASTOS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.708.799,73
I - II	RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	212.613,66

Sobre a información anterior, - seguindo o Manual do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais publicado pola IGAE , consideramos unicamente como axuste entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional o referente o rexistro en Contabilidade Nacional dos ingresos fiscais e asimilados, de tal xeito que:

CAPITULO	DRN	RECADAC. CORRENTE	RECADAC. PECHADOS	TOTAL RECAUDACIÓN	% DRN/REC	% AXUSTE	AXUSTE MENOR DEF
3	504.172,57	504.172,57	1.156,61	505.329,18	99,77	0,23	1.153,96

No cadro que se insire de seguido recóllense os cálculos cos axustes correspondentes aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con ocasión da liquidación do exercicio económico do 2021 do organismo autónomo Auditorio de Galicia:

DRN por operacións non financeiras	2.921.413,39
ORN por operacións non financeiras	2.708.799,73
Diferencia	212.613,66
Axuste recadación capítulo 3	1.153,96
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIACIÓN	213.767,62

Por conseguinte e á vista dos datos expostos anteriormente se pon de manifesto que a liquidación do orzamento do Organismo autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia correspondente o exercicio económico do 2021 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida en SEC10, arroxando unha capacidade de financiación ou superávit de estabilidade en termos de SEC10 de 213.767,62 euros.

Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria da mercantil INCOLSA.

Como xa se indicou anteriormente a mercantil de capital integramente local ten sido clasificada pola IGAE no sector de Administracións Públicas, tal e como consta no Inventario de Entidades Locais da Base de Datos da Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades locais, dependente da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica é Local do Ministerio de Facenda e por conseguinte encontrase dentro do perímetro de consolidación a efectos de estabilidade orzamentaria.

Con data de 1 de abril do ano en curso pola Xerencia da sociedade tense emitido informe ao respecto a partir da conta de Perdas e Ganancias do ano 2021 deducíndose unha situación de superávit cifrada en 220.908,41 euros, que por tratarse como temos indicado dun ente cualificado como Administración Pública identifícase como capacidade de financiación.

Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria da Fundación Refuxio de Animais.

Tamén a Fundación Refuxio de Animais, como xa se indicou ten sido sectorizada como Administración Pública, e polo tanto debe ser incluída no marco perimetral os efectos da estabilidade orzamentaria.

Con data de 30 de marzo se ten emitido informe polos responsables administrativos do ente fundacional en relación o obxectivo de estabilidade orzamentaria, deducindo un déficit en termos de contabilidade nacional ou necesidade de financiación das contas do exercicio 20212 de -4.042,60 euros.

Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria da Fundación Euxenio Granell.

Por resolución de la IGAE de 20 de maio do 2021 se ten considerado a la Fundación Euxenio Granell a efectos de contabilidade nacional como unha unidade pública dependente do Concello de Santiago de Compostela, quedado sectorizado, dado o carácter de mercado da mesma, como Administración Pública.

Se achega informa emitido polos responsables do ente fundacional en relación o obxectivo de estabilidade orzamentaria deducindo un déficit en termos de contabilidade nacional ou necesidade de financiación de – 4.390,15 euros.

Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no conxunto consolidado.

En definitiva, da evaluación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Grupo Administración Pública -Concello de Santiago de Compostela – obtemos os seguintes resultados en termos consolidados:

ENTIDADE	CAPACIDADE/ NECESIDADE FINANCIACIÓN
Concello Santiago de Compostela	3.815.279,40
OOAA Auditorio de Galicia	213.767,62
INCOLSA	220.908,41
Fundación Refuxio de Animais	-4.042,60
Fundación Euxenio Granell	-4.390,15
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIACIÓN	4.241.522,68

Por conseguinte, cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria a Entidade matriz a sociedade INCOLSA e o Auditorio de Galicia, poñéndose de manifesto unha necesidade de financiación na Fundación Refuxio de Animais e na Fundación Euxenio Granell, si ben a nivel consolidado de verifica un superávit en termos de capacidade de financiación SEC-2010 de 4.241.522,68 euros do Grupo Administración

Pública – Concello de Santiago de Compostela, o que determina o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio económico do 2021, entendido como situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo cos criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010).

7.- CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

A sustentabilidade financeira presenta dúas vertentes o endebedamento financeiro e o endebedamento comercial.

7.1.- Cumprimento do límite de débeda financeira.

A Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece a obriga de non exceder o límite de débeda pública que se fixe como obxectivo.

A suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da LOEPYSF, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nin do resto da normativa facendística. Igualmente non supón a desaparición da responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas ás que se refire o artigo 8 da referida LOEPYSF, como tampouco o principio de prudencia a hora de executar os seus orzamentos.

É por iso, que para a liquidación orzamentaria do ano 2021 séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria e, polo tanto, o principio de estabilidade orzamentaria aínda que a obriga de aprobar a liquidación dos orzamentos cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda financeira non está vixente pola citada suspensión das regras fiscais.

Así en efecto, ás entidades que integran o sector público local resúltalles de aplicación o principio de sustentabilidade financeira, pos a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar à prudencia financeira na xestión financeira.

O cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

É a medición da débeda financeira debe efectuarse en termos de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operación de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do TRLRHL e da Disposición final 31ª da Lei 17/2012 de 27 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Así en efecto, o referido artigo 53 do TRLRHL, fixa o límite de endebedamento local, é a modo de síntese do seu contido pódense establecer tres posibles situacións:

- Non se poderán concertar operacións de crédito a longo prazo si na liquidación do exercicio anterior se tivese deducido un aforro neto negativo ou unha débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados.
- Poderanse formalizar operacións de crédito a longo prazo previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades do sector local si na liquidación do exercicio anterior se tivese deducido aforro neto positivo e a débeda viva sitúase entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados en termos de consolidación.
- Poderanse concertar operacións de crédito a longo prazo para investimentos sen necesidade de autorización do órgano de tutela si na liquidación do exercicio anterior a magnitude de aforro neto acadase valores positivos e á débeda viva se situase por debaixo do 75% dos ingresos correntes liquidados en termos de consolidación.

É a determinación das dúas variables a ter en conta para a verificación destas restricións para a apelación ao endebedamento local, isto é, o volume de débeda viva e os ingresos correntes liquidados, establécense como xa indicamos na Disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

A.- Volume de débeda viva.

Así para a determinación do capital vivo haberán de terse en conta:

- Todas as operacións que se encontren viventes a data de peche do exercicio a que se refire a liquidación
- O risco deducido dos avais; e
- Os saldos das operacións formalizadas non dispostas.

Así mesmo, no intre de avaliar a viabilidade da operación que se proxecta, deberase ter en conta tamén o importe previsto para a mesma.

Con todo debe facerse a precisión de que o límite de débeda debe determinarse nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo regulado no Tratado de Funcionamento da Unión Europea é que ten una finalidade correctora, establecendo como deben de actuar os países membros no suposto de que a súa débeda pública ou déficit orzamentario sexan considerados excesivos. Pois ben a efectos do Protocolo de Déficit

Excesivo en orde a determinar o límite da débeda os avais soamente computan cando teñan sido obxecto de execución por incumprimento do avalado.

O detalle do endebedamento no Concello en canto, a operacións concertadas vixentes e capital pendente de reembolso o peche do exercicio económico do 2021 se reflicte no cadro que se insire de seguido:

IDENTIFICACIÓN OPERACIÓN CONCELLO	IMPORTE CONCERTADO OPERACIÓN	PDTE DE REEMBOLSO A 31-12-2021
2009-1-CGAL02	576.031,95	0,00
2010-1-BBVA01	4.135.000,00	413.500,00
2016-ABAN-01	931.000,00	0,00
2017-1-SABA-01	590.563,47	0,00
2018-1-BBVA-01	3.460.383,88	3.027.835,88
2019-1-ABAN02	2.950.000,00	2.950.000,00
2020-1-LBBANK	1.200.000,00	1.200.000,00
2021-1-LBBANK	10.000.000,00	10.000.000,00
Total débeda viva de fora do sector público	23.842.979,30	17.591.335,88
2016-1-DEPUT	494.403,29	494.403,29
2017-1-DEPU02	292.000,00	292.000,00
2017-1-DEPU01	200.878,41	200.878,41
2018-1-IDAE01	1.284.576,13	975.326,41
CONVENIO MINECO SMARTIAGO	4.944.000,00	3.941.044,40
2018-1-SWPU012	312.324,18	312.324,18
2018-1-DEPU011	225.351,64	225.351,64
2020-1-DEPU01 SUBSIIITUCIÓN DÉBEDA	139.616,12	139.616,12
2020-1-DEPU02 INVESTIMENTOS	320.101,09	320.101,09
Total débeda viva do sector público	8.213.250,86	6.901.045,54

Aval A SM INCOLSA	240.000,00	240.000,00
Avais concedidos	240.000,00	240.000,00
TOTAL ENDEBEDAMENTO CONCELLO	32.296.230,16	24.732.381,42
FUNDACIÓN EUXENIO GRANELL		
Operacións vivas a 31-12-2021	107.000,00	107.000,00
TOTAL ENDEBEDAMENTO F. GRANELL	107.000,00	107.000,00
TOTAL DÉBEDA CONSOLIDADA SECTOR AAPP	32.403.230,16	24.839.381,42
INCOLSA		
Avais bancarios	240.000,00	240.000,00
TOTAL ENDEBEDAMENTO INCOLSA	240.000,00	240.000,00
TOTAL DÉBEDA CONSOLIDADA SECTOR PUBLICO	32.403.230,16	24.839.381,42

De seguido determinamos o volume de débeda viva do conxunto de entidades que conforman o perímetro de endebedamento, das cales unicamente teñen concertadas operacións financeiras o Concello e a Fundación Euxenio Granell.

En primeiro lugar determinamos o volume de débeda viva a 31 de decembro do 2021 a efectos de Protocolo de Déficit Excesivo que se amosa no cadro que se insire de seguido:

DÉBEDA VIVA A EFECTOS PROTOCOLO DÉFICIT EXCESIVO	CONCELLO	INCOLSA	GRANELL	TOTAL CONSOLIDADO
Débeda a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00
Operacións de tesourería	0,00	0,00	107.000,00	107.000,00
Débedas a longo prazo	24.732.381,42	0,00	0,00	24.732.381,42
Emisións de débeda	0,00	0,00	0,00	0,00
Operacións con entidades de crédito	24.732.381,42	0,00	107.000,00	24.839.381,42
Factoring sen recurso	0,00	0,00	0,00	0,00
Arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00	0,00
Asociacións público privadas	0,00	0,00	0,00	0,00
Pagos aprazados por operacións con terceiros	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda con AAPP (exclusivamente FFEL)	0,00	0,00	0,00	0,00
Outras operacións de crédito	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DÉBEDA FINAL PERÍODO	24.732.381,42	0,00	107.000,00	24.839.381,42

Para o cálculo do endebedamento a efectos da aplicación do réxime de autorización recollido no artigo 53 do TRLRHL e na DF 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, se sumará ao capital vivo determinado a efectos do Protocolo de Déficit excesivo o risco deducido dos avais.

E se incluírían a débeda con Administracións Públicas distinta da incluída no Fondo de Financiación a Entidades Locais (Fondo de Impulso Económico, Fondo de Ordenación e Fondo para a financiación dos pagos a provedores das Entidades locais). Polo tanto se incluírán os anticipos da Deputación Provincial o préstamo para a financiación de proxecto SMARTIAGO e o préstamos IDEA.

	CONCELLO	INCOLSA	GRANELL	TOTAL CONSOLIDADO
ENDEBEDAMENTO A EFECTOS ARTIGO 53 TRLRHL DA 31 LEI ORZAMENTOS ESTADO PARA 2013	IMPORTE €	IMPORTE €	IMPORTE €	IMPORTE €
Total débeda viva protocolo Déficit excesivo	24.732.381,42		107.000,00	24.839.381,42
Capital vivo operacións avaladas	240.000,00			240.000,00
Débedas con AAPP	8.213.250,86			8.213.250,86
TOTAL CAPITAL VIVO	33.185.632,28		107.000,00	33.292.632,28

B.- Ingresos correntes.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

A determinación dos ingresos correntes do Concello deducidos da liquidación do exercicio económico do 2021, reflíctese no cadro que se insire de seguido:

INGRESOS ORDINARIOS LIQUIDACIÓN 2021 CONCELLO

Suma DRN Capítulos I a V de ingresos	106.291.571,81
Contribucións especiais	702.312,69
Outros ingresos correntes financ. gastos de capital	120.535,94
TOTAL	105.468.723,18

Deducimos dos ingresos liquidados as contribucións especiais derivadas do Convenio con UNESPA e afectadas a gastos de investimento para o servizo de extinción de incendios e outros ingresos urbanísticos derivados de cotas de urbanización e ingresos derivados de execucións subsidiarias.

C.- Límite da débeda.

O límite da débeda ou porcentaxe de endebedamento é un valor que debe obterse de forma consolidada, incluíndo todos os entes que conforman o marco perimetral de endebedamento, e que teñen sido sectorizados como Administracións Públicas.

De acordo cos cálculos efectuados o índice de endebedamento en termos consolidados resultaría ser o seguinte:

INDICE DE ENDEBEDAMENTO	IMPORTE
Volume de débeda viva	24.839.381,42
Ingresos correntes conxunto consolidado	111.905.803,01
	22,20

De onde se deduce que o capital pendente de reembolso por operacións financeiras concertadas representa un 22,20% dos ingresos ordinarios consolidados del Grupo Administración Pública-Concello de Santiago de Compostela.

D.- Aforro neto.

Finalmente o aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRHL como magnitude a ter en conta para a avaliación da viabilidade das operacións de endebedamento local e que indica a capacidade da entidade para facer fronte as obrigas que se deriven das operacións financeiras futuras.

De acordo co criterio e metodoloxía regulado no precepto legal citado no cadro que se insire de seguido se determina o aforro neto legal a partir dos obtidos na liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico do 2021:

AFORRO NETO

	2021
	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 1	48.163.632,08
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 2	4.067.010,08
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 3	18.148.570,72
Contribucións especiais	702.312,69
Outros ingr. Corrent. atípicos e/ou financ. gastos capital	120.535,94
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 4	35.609.944,66
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 5	302.414,27
1. TOTAL DEREITOS RECOÑEC.NETOS CAP 1 A 5	105.468.723,18
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 1	32.772.947,32
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 2	36.247.191,75
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 4	18.486.405,25
Importe financiado con Remanente liquido Tesourería	3.664.008,46
2. TOTAL OBRIGAS RECOÑEC CAP 1, 2 E 4	83.842.535,86
3. ESTABILIDADE BRUTA CAP 3 GTS.FINANCIEIROS	21.626.187,32
4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN	3.899.197,47
5. AFORRO NETO (3 - 4)	17.726.989,85
RATIO LEGAL DE AFORRO (5/1 %)	16,81

Se temos en conta a operación de crédito que vai proxectada no orzamento para o ano 2022, a cifra de aforro neto sería:

AFORRO NETO

	2021
	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 1	48.163.632,08
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 2	4.067.010,08
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 3	18.148.570,72
Contribucións especiais	702.312,69
Outros ingr. corrent atípicos e/ou financ. gastos capital	120.535,94
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 4	35.609.944,66
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 5	302.414,27
1. TOTAL DEREITOS RECOÑEC.NETOS CAP 1 A 5	105.468.723,18
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 1	32.772.947,32
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 2	36.247.191,75
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 4	18.486.405,25
Importe financiado con Remanente líquido Tesourería	3.664.008,46
2. TOTAL OBRIGAS RECOÑEC CAP 1, 2 E 4	83.842.535,86
3. ESTABILIDADE BRUTA CAP 3 GTS.FINANCIEIROS	21.626.187,32
4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN	5.218.698,50
5. AFORRO NETO (3 - 4)	16.407.488,82
RATIO LEGAL DE AFORRO (5/1 %)	15,56

De onde se pon de manifesto que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLRHL para poder concertar operacións de crédito a longo prazo para financiar os seus investimentos, situándose ademais o aforro neto en valores positivos, e por debaixo do límite do 75% que establece a Disposición Adicional 74^a da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de crédito a longo prazo para dar cobertura aos seus gastos de capital.

7.2.- Débeda comercial. Período medio de pago.

A modificación da LOEPYSF pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no Sector Público supuxo a introdución dunha nova regra fiscal de obrigado cumprimento para as Administracións Públicas por aplicación do principio de sustentabilidade financeira que se reformula incluíndo este, ademais da débeda financeira, a débeda comercial cuxo pago se ten que verificar a través do indicador Período Medio de Pago (PMP).

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para estes efectos, considéranse como número de días de pago o número de días desde a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou os servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Desde xeito, durante o exercicio 2021 o PMP foi o seguinte:

MENSUALIDADE	AUDITORIO			FUNDACIÓN		GLOBAL
	CONCELLO	GALICIA	INCOLSA	GRANELL	REF.ANIMAIS	
Xaneiro	34,06	26,05	11,92		259,14	33,73
Febreiro	42,74	54,61	15,64		268,12	44,17
Marzo	57,51	13,15	15,53		273,89	58,28
Abril	45,39	23,77	17,42		282,04	47,08
Maio	49,40	23,78	16,68	9,27	278,86	50,40
Xuño	41,55	29,04	7,10	7,10	286,91	42,97
Xullo	46,36	36,90	16,10	3,85	262,85	47,04
Agosto	64,08	44,43	10,64	3,59	278,39	64,65
Setembro	41,24	17,46	15,44	12,67	285,39	41,78
Outubro	36,00	22,45	17,68	3,94	230,74	36,45
Novembro	31,91	15,28	15,65	7,90	238,63	32,52
Decembro	22,59	12,99	14,49	24,34	268,44	22,98

Santiago de Compostela na data da sinatura dixital
O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL,